



## CONCURSO DE VÍDEOS “CAMBIO CLIMÁTICO E NÓS”

O cambio climático antropoxénico supón un dos maiores retos ao que nos temos que enfrontar como sociedade. A emisión descontrolada de gases como dióxido de carbono, metano, gases fluorados e óxido nítrico, provoca unha intensificación do que chamamos «efecto invernadoiro», un fenómeno que eleva a temperatura global, con graves consecuencias para o futuro do noso planeta. Mais tamén podemos contribuír a combatalo.

A Comisión de Normalización Lingüística da Facultade de Ciencias da USC, co apoio do Servizo de Normalización Lingüística da USC, convoca o **concurso de vídeos “Cambio climático e Nós”**, enmarcado no compromiso asinado en 2019 pola USC coa Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable da ONU, “Unha oportunidade coas persoas e o planeta”. Os seus obxectivos son:

- Conectar a USC coas novas xeracións, sensibilizadas con cambio climático.
- Reflexionar sobre este fenómeno, as súas causas e consecuencias.
- Dotar a mocidade de coñecemento, habilidades e motivación para comprender e abordar os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030.
- Fomentar a busca científica de alternativas e solucións, a eliminación de hábitos contaminantes e a investigación de fontes de enerxía menos contaminantes.
- Atraer a participación do alumnado na actividade científica, usando a lingua galega de xeito natural e con formatos audiovisuais atractivos.

### BASES DO CONCURSO

#### 1. Participantes

Categoría A: Alumnado da ESO, de 1º e 2º de bacharelato e de formación profesional de Galicia, en grupos cun máximo de tres estudantes coordinados por un docente.



Categoría B: Comunidade universitaria do Sistema Universitario Galego (universidades da Coruña, Santiago de Compostela, Vigo), de maneira individual ou en grupos de, como máximo, tres integrantes.

## 2. Obxecto do concurso

Cada participante individual ou grupo participante preparará un vídeo sobre o tema “Cambio climático e nós”. O enfoque, no tratamento dese tema, é libre, mais valoraranse especialmente aquelas pezas que presenten posibles solucións para contribuír a combater o cambio climático.

Todos os elementos comunicativos lingüísticos do vídeo serán en galego (rótulos, locucións, etc.).

A duraci3n dos vídeos non superará os 2 minutos.

Os traballos presentados deben ser inéditos e orixinais.

## 3. Modo de presentaci3n

Os vídeos deberán subirse a unha canle de YouTube. A publicaci3n das pezas farase baixo licenzas Creative Commons que obriguen a especificar a autoría e eviten obras derivadas e finalidades comerciais.

Os proxectos realizados poderán presentarse ata o 24 de abril de 2020, incluído, no enderezo electrónico <[fcdeca@usc.gal](mailto:fcdeca@usc.gal)> ou no enderezo físico:

Presidente da CNL  
Facultade de Ciencias  
Avda. Alfonso X O Sabio, s/n, Campus Terra  
27002 Lugo

Na presentaci3n debe recollese:

- a) A categoría na que se participa
- b) O título do traballo
- c) A ligaz3n válida ao vídeo en YouTube
- d) Os datos persoais de cada participante (incluído o docente coordinador, que sinalará tal condici3n):
  - copia do DNI, dixital ou en papel
  - enderezos postal e electrónico
  - teléfono de contacto
  - certificado bancario do IBAN ou número de conta (20 díxitos), no caso



de membros da comunidade universitaria

- permiso de participaci3n no concurso asinado polos responsables legais, no caso dos menores

#### 4. Premios

a) Categoría A: Bacharelato, Ensino Secundario Obrigatorio e Formaci3n Profesional

Outorgarase un primeiro premio por valor de 500 euros e un segundo premio por valor de 250 euros, así como cadanseu diploma acreditativo. Estes premios non serán en metálico.

b) Categoría B: Universidade

Outorgarase un primeiro premio por valor de 500 euros e un segundo premio por valor de 250 euros, así como cadanseu diploma. Ambos os premios desta categoría serán en metálico e estarán sometidos á correspondente retenci3n fiscal.

Os premios entregaranse nun acto público organizado pola Facultade de Ciencias o 15 de maio de 2020, no cal un científico ou científica galego de referencia ofrecerá unha conferencia sobre efectos do cambio climático e sobre medidas para frealo.

#### 5. Xurado e valoraci3n

Na valoraci3n dos vídeos terase en conta a orixinalidade e correcci3n científica da proposta, a calidade técnica (imaxe e son) e a correcci3n lingüística.

O xurado estará integrado por membros da CNL da Facultade de Ciencias e un representante do SNL da USC.

#### 6. Comunicaci3n e difusi3n

Os vídeos gañadores anunciaranse nas páxinas web da Facultade de Ciencias ([www.usc.gal/ciencias](http://www.usc.gal/ciencias)) e do SNL da USC ([www.usc.gal/snl](http://www.usc.gal/snl)). Ás persoas gañadoras comunicaráselles persoalmente por algún dos medios sinalados na presentaci3n.

A USC resérvase o dereito de empregar os vídeos participantes para a súa exposici3n pública en labores de divulgaci3n, normalizaci3n ou de difusi3n.

Os/as participantes autorizarán á Facultade de Ciencias e ao Servizo de Normalizaci3n Lingüística a faceren públicos os traballos presentados a través das súas páxinas web, redes sociais e calquera outro medio que estimen oportuno.



## 7. Organizaci3n

A organizaci3n poder3 levar adiante aqueles cambios que considere axeitados para o mellor desenvolvemento do concurso, os cales comunicar3 no web do SNL.

A participaci3n no concurso sup3n a aceptaci3n 3ntegra das presentes bases, as3 como a decisi3n do xurado, que ser3 inapelable.